

Edición e Interpretación*

Laura Tato Fontañá. Universidade da Coruña

Dentro do amplo abano de aspectos que comprende a edición de textos líricos medievais galego-portugueses, quizais resulte interesante reflexionarmos sobre a interdependencia que se produce entre a correcta edición dun texto e a súa axeitada interpretación. Utilizo a mantenta o termo ‘interdependencia’, porque resultaría case imposíbel determinar cal dos dous aspectos condiciona máis, ou en primeiro lugar, ao outro, e mesmo poderíamos, no van intento de establecermos a preeminencia de un sobre o outro, acabar caendo nos vellos e absurdos debates, nunca resolvidos, entre filoloxía, historia e crítica literarias. E cualificamos de absurdos esos debates porque acreditamos, no ronsel da estudosa italiana Luciana Stegagno, nun concepto amplio e fecundo da filoloxía:

É uma posición que poderíamos definir optimista em relación à meta derradeira que o filólogo se propõe e que continua sendo sempre a mesma: entender, no sentido mais amplio do termo, quanto um outro homem, mesmo distante no tempo e no espacio, confiou aos signos; reproducir em si o proceso histórico e o momento intuitivo que levou àquela expressão lingüística e poética ou, como dizia com uma bela imagem Wilamowitz, «captar uma personalidade alheia»¹.

Contra esta optimista e literaria visión do cometido do filólogo, poderíase alegar que para captarmos ese acerto poético que transforma un texto nunha obra de arte non é preciso esculcar na farragosa prosa da lexislación medieval, nin na tediosa prosa didáctica, porque, como afirmaba Paul Zumthor, nunca podremos ter a totalidade do significado dunha obra medieval. Isto último probablemente sexa certo; porén, canto más afondemos no contexto que nos permi-

* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *O cancionero de Joan Garcia de Guilhade. Edición Crítica* (HUM20004-04307), subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología. Dirección General de Investigación. Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

¹ Cf. Stegagno Picchio, L., *A lição do texto. Filología e Literatura. I. Idade Média*, Lisboa, Edições 70, 1979, p. 214.

te interpretar os trobadores e as súas cantigas, máis xeniais e comprensbeis nos parecerán os seus logros estéticos.

Para comenzar, comentaremos unha contextualización de tipo etnográfico que non achega beneficio ningún á edición en sentido restrito do texto, mais que axuda a matizar unha hipótese do profesor Arias Freixedo a respecto da cantiga de amigo de Joan Garcia de Guilhade *Per boa fe, meu amigo* (B 755 / V 358):

Per boa fe, meu amigo,
mui ben sei eu que m' houvestes
grand'amor e estevestes
mui gran sazon ben comigo;
mais vede-lo que vos digo:
ja çafou.

Os grandes nossos amores
que mí e vós sempr' houvemos,
nunca lhi cima fezemos
coma Branca Frol e Flores;
mais tempo de jogadores
ja çafou.

Ja eu falei en folia
con vosc' [e] en gran cordura
e en sén e en loucura
quanto durava o dia;
mais est', ai don Jan Garcia,
ja çafou.

E d'essa folia toda
ja çafou;
ja çafad' é pan de voda,
ja çafou.

Dentro do orixinal cancionero de Guilhade e das súas extraordinarias amigas, a voz poética desta cantiga bota en cara ao seu amigo, *Jan Garcia*, que os seus amores nunca chegaran a ser consumados (v. 9, *nunca lhi cima fezemos*) e, por tanto, rompe o compromiso matrimonial (v. 21, *ja çafad' é pan de voda*). Arias Freixedo comenta o texto cunha delicadeza extraordinaria, afirmando que “se

esta interpretación é correcta, a actitude da muller, rexeitando o amigo pola sua pasividade, é única no cancionero”². O investigador incide na intención, cando menos semiparódica, do texto, en que a amiga se declara enfasiada dos xogos do amor cortés que non conducen a nada “positivo”, e interpreta, dentro das regras dese amor, os versos finais da *fienda* como: “esquecédevos da voda na que nunca pensastes”. Dado que é o amigo, o trobador, quen escribe a cantiga, esa pode parecer a lectura correcta, pois deixa a salvo a “virilidade” do amigo.

De todos os xeitos, a posibilidade de casamento non é algo que se contemple habitualmente nin no cancionero de amor nin no de amigo, nin tan sequera en boca das nais-vixías que tentan impedir o encontro dos amantes, polo que nos resistiamos a admitir que non houbese algo máis baixo ese *pan de voda* que a desencantada amiga declara *çafado*; e, efectivamente, pode habelo, porque a finais do século XIX aínda se cociñaba, nalgúns lugares de Portugal, un pan de voda con forma de falo:

Na *Arte Popular em Portugal* (cap. “Doçaria Popular Portuguesa”) vem registrado um testemunho do abade de Baçal claramente ilustrativo da relación entre a forma do pão e o ritual a que está ligado: “Em Parada de Infanções, concelho de Bragança, um casamento a que assistimos pelos anos de 1900, vimos os nubentes, após a saída da igreja empunharem bolos de pão de configuração fálica, defendidos dos assistentes no meio de grande barulheira, que procuravam tirar-lhos na persuasão de que quem primeiro o conseguisse seria o primeiro a casar”³.

A imaxe dese falo *çafado* vai máis aló do que un simple cansazo polo xogo do amor cortés, ultrapasando a delicada interpretación de Arias Freixedo e poñendo en evidencia a ese *Jan Garcia* que non pode, ou non quere, satisfacer a demanda amorosa da amiga.

Outra expresión lingüística que podería significar na época algo máis do que hoxe entendemos é a de *cabeça de can* que o mesmo trobador, Garcia de Guilhade, utiliza en outras dúas cantigas de amigo, *Fez meu amigo gran pesar a mí* (B 777 / V 360) e *Veestes-me, amigas, rogar* (B 787 / V 371).

² Cf. Arias Freixedo, X. B., *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Vigo, Xerais, 2003, p. 491.

³ Cf. *Artes e Tradições de Viana do Castelo*. Levantamento realizado pelo Centro de Estágio de Educação Visual. Escola Preparatória de Frei Bartolomeu dos Mártires, Lisboa, Direcção-Geral de Divulgação/Ed. Terra Livre, 1983, pp. 100-101.

Fez meu amigo gran pesar a mí,
e, pero m' el fez tamanho pesar,
fezestes-me-lh', amigas, perdoar,
e chegou hoj' e dixi-lh' eu assi:
Viinde ja, ca ja vos perdoei,
mais pero nunca vos ja ben querrei.

Perdoei-lh' eu, mais non ja con sabor
que [eu] houvesse de lhi ben fazer,
e el quis hoj' os seus olhos merger,
e dixi-lh' eu: "Olhos de traedor,
viinde ja, ca ja vos perdoei,
[mais pero nunca vos ja ben querrei.]

Este perdon foi de guisa, de pran,
que ja más nunca mig' houves' amor,
e non ousava viir con pavor,
e dixi-lh' eu: "Ai cabeça de can,
viinde ja, ca ja vos perdoei,
[mais pero nunca vos ja ben querrei.]

(B 777 / V 360)

Vestes-me, amigas, rogar
que fale con meu amigo
e que o avenha migo,
mais quero-me del quitar,
ca, se con el algúia ren falar,
quant' eu falar con cabeça de can,
logo o todas saberan.

Cabeça de can perdido
é, pois non ha lealdade;
con outra fala en Guilhade:

é traedor conhuçudo,
e por est', amiga[s], ést[e te]judo:
quant' eu falar con ca[beça de can,
logo o todas saberan].

E se lh' eu mias dōas desse,
amigas, como soia,
a toda-lo el diria,
e al quanto lh' eu dissesse
e fala se a con el[e] fezesse:
quant' eu falar [con cabeça de can,
logo o todas saberan].

(B 787 / V 371)

No artigo "Dança jurídica"⁴, o investigador Rip Cohen atribúe ao substantivo *can* o significado de "traidor, cristián novo, converso" (semántica que non conseguimos documentar⁵), e a partir de aí procede a realizar unha análise da *auto-nominatio* no cancioneiro de amigo de Guilhade co que vai exemplificar a súa secuenciación narrativa e que resolvería a cuestión máis espiñenta dese cancioneiro, a de sabermos de vez se está composto por 21 ou por 22 cantigas.

A adscrición ao xénero amigo da cantiga *Vi oj'eu donas mui ben parecer* (B 748bis / V 351) –que ocupa o noveno lugar– está moi discutida debido a que a voz poética é masculina, mais Cohen entende que está aí intencionadamente situada polo trobador porque, así, Guilhade "como nome ou como 'eu' aparece no primeiro e no último texto e em cada texto cujo número é o producto da multiplicación de números integrais iguais e adjacentes (excepto 1)⁶:

| | |
|-----|----|
| 1 | |
| 2x2 | 4 |
| 2x3 | 6 |
| 3x3 | 9 |
| 3x4 | 12 |
| 4x4 | 16 |
| 4x5 | 20 |
| 22" | |

⁴ Vid. Cohen, R., "Dança jurídica. A poética da *sanhuda* nas cantigas d'amigo", *Coloquio/Letras*, 142 (1996), pp. 5-50.

⁵ A pesar da existencia, en portugués, do termo de orixe arábiga "marrão", adaptouse do castelán o termo "marrano" para designar o "cristián novo" (vid. JMachado, J. P., *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, Lisboa, Livros Horizonte, 1990, 6^a ed., s.v.) Tampouco o castelán conta con esa acepción nin para a palabra *can* nin para o más moderno *perro*.

⁶ Cf. Cohen, R., *op. cit.*, p. 30.

Para Rip Cohen a *autonominatio* pasa a ser algo más, convértese nun selo ou marca de autentificación, porque 22 son as seccións de determinados salmos hebreicos, 22 son as partes do libro bíblico das *Lamentacións*, e 22 son as letras do alfabeto xudeu. Ademais, o investigador le o nome de Zion como acróstico na última letra das palabras en posición de rima en seis versos da cantiga *Fez meu amigo, amigas, seu cantar* (B 778 / V 164):

[*e o cantar ja valria ūa vez.*]

Tanto que lh' eu este cantar oi,
logo lh' eu foi na cima da razon
por quen foi feit' e ben sei por que non,
e ūa dona o quer pera si,
mais sei eu ben por quen s' o cantar fez,
[*e o cantar ja valria ūa vez.*]

10

Todos estes indicios levaron Rip Cohen a considerar que non fican dúbidas sobre a orixe xudaica do trovador, e así afirma:

Como poderia salvar-se I OU A AN, que escreveu vinte e duas cantigas com *sphragis* e inscreveu o nome ZI Ó para cima e para baixo na margem direita do mesmo poema onde ele próprio pregunta: porque e por quem foi feito este cantar? Creio que Johan, aliás Jan, aliás *I ou kha nan* Garcia, de Guilhade, *aliás* o Can, é culpado do crime que lhe *apõemos*, e que o ónus da prova recai agora sobre quem queira pôr em dúvida que ele delineou estas vinte e duas cantigas como obra de arte completa, com uma arquitectura na lógica da forma, dos actos sociais, e da língua (ou línguas), inscrevendo o seu próprio nome sete veces em língua portuguesa, e, ao que tudo leva a crer, uma vez, muito lentamente, na *bassline*, em língua hebraica⁷.

En resumo, que a hipótese de Rip Cohen parte dun valor semántico para o termo *can* que non está documentado e de que a cantiga de voz masculina *Vi oj'eu donas mui ben parecer* (B 748bis / V 351) fose colocada nesa posición exacta (9º lugar) dentro do cancioneiro de amigo de Guilhade polo propio trovador, de forma que, se se cuestionar estes dous fundamentos, derrúbase todo. Porén, a transmisión das cantigas de amigo de Guilhade, segundo Resende de Oliveira, resulta dubidosa e o historiador contempla a posibilidade de que non manteña a ordenación orixinal cunha grande fidelidade:

Na secção das cantigas de amigo comparece em dois locais diferentes mas próximos. De permeio surgem três autores — Estevão da Guarda, Pero de Ornelas e D.

⁷ Cf. ibid., p. 36.

Afonso Sanchez —, cuja situación nos cancioneiros nos leva a considerá-los inclusões tardias nesta zona da mesma secção.⁸

Sobre a fraxilidade da tese de Rip Cohen xa se manifestou Elça Gonçalves⁹ tomándoa como exemplo daquelas interpretacións das cantigas que se basean na ordenación dos Cancioneiros tal como chegaron até a actualidade sen teren en conta o seu proceso de transmisión.

Aténdonos á semántica coñecida, a interpretación máis fácil para a expresión *cabeça de can* parecería a de que o amigo se comportaba como un falabarato e farfallán, que non tardaría en espellar as súas conquistas amorosas, pois a expresión non se mantivo na lingua e as outras connotacións metonímicas do substantivo “can” na actualidade non encaixan no contexto das cantigas. Mais ao termos coñecemento de que na iconografía medieval o can simbolizaba a luxuria¹⁰ e de que unha das posíbeis representacións da figura mitolóxica do sátiro era a dun home con cabeza de can, a expresión *cabeça de can* en boca da amiga non só intensifica, senón que varía, o significado das cantigas ampliando a dimensión exhibicionista, de conquistador e mullereiro, de que fai alarde Guilhade noutras cantigas como, por exemplo, en *Amigas, tamanha coita* (B 747 / V 349). Comprobamos a descripción dos sátiros no capítulo III do Livro IV, do *Horto do Esposo*, en que se declara:

Estes asatiros som ūas animalias maravilhosas que ham semelhanças de homées, mas nom som compridamente razoavees come os homes... O coraçom ham fero e o desejo bestial, e porem som mui inclinados pera luxuria... e som de muitas guisas, ca algūus deles ham cabeza de cam e ladram, e per esto parece que mais som bestas bravas que homées¹¹.

Para acabarmos cos exemplos tirados do cancioneiro de Joan Garcia de Guilhade, examinemos o texto *Par Deus, infançon, queredes perder* (B 1492 / V 1103), que polo tema entraría no grupo daquelas cantigas que fan escarnio da probreza dos infanzóns, e que Rodrigues Lapa interpretaba como

⁸ Cf. Oliveira, A. Resende de, *op. cit.*, p. 362.

⁹ Vid. Gonçalves, E., “Sobre edições da lírica galego-portuguesa: uma reflexão”, en *Edição de Texto. II Congresso Virtual do Departamento de Literaturas Românicas*, Universidade de Lisboa, 2007.

¹⁰ Cf. Revilla, F., *Diccionario de iconografía*, Madrid, Cátedra, 1990, s.v. O termo feminino *cadela* áinda mantién esa carga sexual e o carácter peyorativo.

¹¹ Cf. Godinho, H., *Prosa medieval portuguesa.. Apresentação crítica, selecção, notas e sugestões para análise literária de*, Lisboa, Comunicação, 1986, p. 287.

Curiosa sátira a um infançao pelintra, com o fundamento nas disposições dos reis peninsulares sobre trajo e alimentação. O chiste da cantiga está na maneira como Guilhade joga, de um modo absoluto, com os números, que representavam o máximo para as carnes e o míñimo para o vestuario¹².

Efectivamente, lermos esas disposicións leva a comprobar que, na primeira cobra, o trobador presenta ás avesas o capítulo XIV do Ordenamento das Cortes celebradas en Valladolid en 1258, que, en grande medida, repetía o dado para a cidade de Sevilla seis anos antes, e que limitaba a cantidade e cualidade, entre outras roupas, dos tipos de capa que podían usar os nobres, fixando para a más luxosa, a *capa aguardera*, un míñimo de uso de dous anos, e reservando a *aguardera de escarlata*, para uso exclusivo do rei. Nesa lectura ás avesas, o infançon será castigado por usar a capa non dous anos, senón tres:

Par Deus, infançon, queredes perder
a terra, pois non temedes el-Rei,
ca ja britades seu degred' e sei
que lho faremos mui cedo saber,
ca vos mandaron a capa de pran
trager dous anos, e provar-vos-an
que vo-la viron tres anos trager. (vv. 1-7)

Na segunda cobra, o trobador comproba o cumprimento por parte do infanzón do Capítulo XIII do mesmo ordenamento, en que, para reducir o derroche en produtos alimentares, se limitaron a dous os pratos de carne que se podían servir nun mesmo xantar:

E provar-vos á das carnes quen quer,
que duas carnes vos mandan comer
e non queredes vos d' ūa cozer,
e no degredo non á ja mester.
Ren ja da capa non ei a falar,
ca ben tres anos a vimos andar
no vosso col' e de vossa molher. (vv. 8-14)

A ambiguidade do verso 10 (*e non queredes vós d' ūa cozer*) permite entender tanto que na mesa do infanzón só se servía un prato de carne, como que non se

¹² Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo, Galaxia, 1970, 2ª edición, revista e acrescentada, p. 320.

servía ningún, polo que o trobador chega á conclusión de que, en realidade, o ordenamento real, o degredo, non era necesario (v. 11, *e no degredo non á ja mester*). Agora, o xogo numérico a que facía referencia Lapa alcanza toda a súa dimensión. Probabelmente o descoñecemento da letra e intención deses ordenamentos foi o que impidiu a Videira Lopes entender totalmente a sátira, pois a respecto do verso 11 afirma: “O verso não é totalmente claro. O sentido será: e no decreto não há ja necessidade desses rigores (de comer só uma carne ou mesmo nenhuma)”,¹³.

Á mesma regulamentación, e en concreto ao mesmo capítulo XIV sobre a obligatoriedade de usar cando menos durante dous anos as más valiosas pezas de roupa, fai referencia a cantiga *Garcia Lopez d'Alfaro* (B 1635 / V 1169) de Pero da Ponte. Nesta ocasión o segrel galego establece un dos seus fermosos xogos de contrarios entre o custoso da prenda e a súa desvalorización despois de dous anos de uso, para pór en evidencia a mesquindade do nobre castelán¹⁴:

Garcia Lopez del Faro,
direi-vos que m' agravece:
que voso don é mui caro
e vosso don é rafece.

O vosso don é mui caro pera quen o á d' aver,
[e] o vosso don é rafeç' a que o á de vender.

Por caros teemos panos
que home pedir non ousa,
e poi-los tragen dous anos,
rafeces son, por tal cousa.

O vosso don é mui caro pera quen o á d' aver,
[e] o vosso don é rafeç' a queno á de vender.

Esto nunca eu cuidara:
que ūa cousa senlheira
podesse seer [tan] cara
e rafec' en tal maneira.

O vosso don é mui caro pera quen o á d' aver,
[e] o vosso don é rafeç' a queno á de vender.

¹³ Cf. Lopes, G. Videira, *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, Lisboa, Estampa, 2002, p. 212.

¹⁴ Reproducimos pola edición de M. Rodrigues Lapa, *op. cit.*, p. 520.

A lexislación con que tanto Afonso X de Castela como Afonso III de Portugal pretenderon controlar a economía da época e, sobre todo, os gastos suntuarios, vai permitir tamén fixar a datación da cantiga *Suer Fernandiz, si vej'a plazer* (B 1613 / V 1146), atribuída no cancioneiro da Biblioteca Nacional a Fernan Rodrigues Redondo (1297-1320) e no Cancioneiro da Biblioteca Vaticana ao trobador Rodrigu'Eanes Redondo (1232-1311). Rodrigues Lapa recollía esta segunda atribución:

A cantiga anda no CBN atribuida a Fernão Rodrigues Redondo e no CBV a Rodrigo Eanes Redondo que era pai daquele. Colocamo-la, na esteira de Car. Michaëlis, no espólio do segundo, mas sem nenhuma certeza de não falhar: não há na cantiga elementos que permitam fixar-lhe uma autoria dessas, salvo o nome daquele Sueiro Fernandes, que não se sabe quem era¹⁵.

Sobre a identidade da personaxe escarnecedida, Sueiro Fernandiz, Carolina Michaëlis afirmaba: “Um cavalleiro d'este nome figura como testemuña do bispo eleito da Guarda, o celebre Mestre Vicente, no acto da povoação e afornamento de Alter-do-Chão (1232 Suerius Fernandi), mas não posso provar se é a elle que Rodrigu'Eannes se refere”¹⁶. Vexamos o texto¹⁷:

Suer Fernandiz, si veja plazer,
veste-se ben, a todo seu poder;
e outra cousa lhe vejo fazer,
que fazen outros poucos no reinado:
sempre en verão lhe vejo trager,
e no inverno, çapato dourado.

El se veste e se calça mui ben;
en esto mete el o máis do que ten,
pero nunca lhe vejo menguar ren;
e, como se todo ouvesse en doado,
u outros non tragen, a el conven
que traga sempre çapato dourado.

¹⁵ Cf. Lapa, M. Rodrigues, *op. cit.*, p. 599.

¹⁶ Vasconcelos, C. Michaëlis de, *Canconeiro da Ajuda*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990, vol. II, p. 387 [Reimpressão da edición de Halle (1904) acrescentada de um prefácio de Ivo Castro e do glossário das cantigas (*Revista Lusitana*, XXIII)].

¹⁷ Reproducimos pola edición de M. Rodrigues Lapa, *op. cit.*, p. 599.

El se veste sempre ben como quer,
e des i, custe o que custar poder,
e non creades quen vos al disser;
e desto mi faço maravilhado:
ca, en inverno e per qual tempo quer,
sempre lhe vejo çapato dourado.

Pola súa banda, Videira Lopes considera que Sueiro Fernandiz podería ser o cabaleiro citado entre os compañeiros do Conde de Bolonha, o futuro rei Afonso III, no asalto a Santarém, no *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro* (LL 68A3)¹⁸ e, a pesar de que recoñece que esta identificación, por razóns cronolóxicas, consolidaría a atribución a Rodrigo Eanes, opta por incluír a cantiga no breve cancioneiro de Fernan Rodrigues Redondo coa seguinte argumentación: “Como em geral as atribuções de B são mais fiáveis, sigo a sua indicación, que coincide com a opinión actual dos especialistas”¹⁹. Imaxinamos que, cando fala dos especialistas actuais, está a se referir a António Resende de Oliveira, que optou, “na sequência de Jean-Marie D'Heur, pela atribución de B, cuja cópia parece ter sido más cuidada”²⁰, porque outros investigadores, como M. A. Ramos, a quen se debe a entrada ‘Fernan Rodrigues Redondo’ no *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, non se decantou por ningunha das atribucións²¹.

A identificación de Sueiro Fernandez como un dos cabaleiros de Afonso III encaixa cronoloxicamente con que sexa o mesmo cabaleiro que documenta Michaëlis asinando como testemuña do bispo da Guarda, que tamén coincidiría nas súas actividades coas sucesivas regulamentacións do Rei Sabio, adaptadas en Portugal aos poucos meses, destinadas a conter os gastos suntuarios. Nestes ordenamentos, os *çapatos dourados*, obxecto con que se cerran as tres estrofas da cantiga, sufriron unha restritiva regulamentación que os transformaba nun dos obxectos de luxo identificadores dos estamentos nobiliares. Na nosa opinión, a insistencia sobre o uso continuo, e fóra de tempo, deses *çapa-*

¹⁸ Cf. *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*. Edición crítica por José Mattoso, Lisboa, Publicações do II Centenario da Academia das Ciências, 1980, vol. II, p. 156.

¹⁹ Cf. Lopes, G. Videira, *op. cit.*, p. 531.

²⁰ Cf. Oliveira, A. Resende de, *Depois do Espectáculo Trovadoresco. A Estrutura dos Cancioneiros Peninsulares e as Recolhas dos Séculos XIII e XIV*, Lisboa, Colibri, 1994, p. 344.

²¹ Cf. Lanciani, G. / Tavani, G. (orgs.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 2000, 2^a ed., p. 263.

tos dourados non é só unha burla ao ‘pelintra’ de que falaba Lapa, nin estaría motivada, como parece crer Videira Lopes, en que o tal cabaleiro Sueiro Fernandez “não teria outros”²², pois o uso de tecidos en que interviñesen os metais preciosos era, na Europa da época, algo extraordinario. Juan Sempere Guarinos, no século XVIII, explicaba aos seus contemporáneos o grao de riqueza e ostentación ao que se chegara nas cortes peninsulares, exemplificando co que significaba o uso de roupas de ouro e prata:

Por estas leyes suntuarias de D. Alonso X, se puede venir en conocimiento del gran luxo que havia entoncés en España. Si se coteja con el de estos últimos tiempos, acaso se tendrá por muy moderado: mas atendiendo al estado en que estaba entoncés generalmente la Europa, debe creerse que era muy exorbitante. En las ordenanzas de Francia no se hace mención de telas de oro, y plata, hasta el reynado de Carlos VIII en 1485; y en nuestro país se vieron ya prohibidas en 1234, por D. Jaime I de Aragón, y en 1252, y 1258, por D. Alonso el Sabio²³.

Por iso coidamos que a insistencia no uso desproporcionado e inadecuado deses *çapatos dourados*, que fan ostentación de liñaxe e riqueza, serve ao trobador para poñer en evidencia que a segunda cualidade, a riqueza, foi obtida de forma non honorábel, en referencia ao matrimonio desigual que, segundo o *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, realizou Sueiro Fernandez ao casar com Sancha MARTINS, filla dun burgués, un cidadán de Lisboa, Domingos MARTINS, que foi enforcado por Afonso III “em ūu moinho” (LL 68F5)²⁴. Estariamos, por tanto, perante un deses casamentos en que un cabaleiro sen recursos consegue os medios económicos de que, dado o sistema liñaxístico, carecería por herdanza.

Admitindo a identificación de Sueiro Fernandez, a autoría da cantiga, por razóns cronolóxicas, debe ser restituída a Rodrigu'Eanes Redondo, tal como intuíra dona Carolina Michaëlis e apoíara Rodrigues Lapa. O trobador aristocrata, na altura partidario de Sancho II, fai escarnio do cabaleiro que, ademais de ser inimigo político, se deshonrou cun casamento ruín, e agora, coas novas ordes reais, ve limitada a exhibición da súa riqueza, polo que aproveita ao máximo o que esa lei lle permite. Os *çapatos dourados* usados en todo o tempo e lugar son ese obxecto *kitsch* que marca o exhibicionismo deste “proletario

²² Cf. G Lopes, . Videira, *Op. Cit.*, p. 531.

²³ Cf. Sempere y Guarinos, J., *Historia del luxo. Y de las leyes suntuarias de España*, Madrid, Atlas, 1973 [Edición facsimilar da publicada en Madrid, na Imprenta Real, en 1788], vol. II, p. 97.

²⁴ Cf. *Livros de Linhagens...*, *op. cit.*, p. 158.

nobre”, na terminoloxía de Fossier, que chegou a novo rico-home. Sueiro Fernandez formaría parte desa nobreza de segunda que substituíu á vella aristocracia e que foi da que se nutriu, en principio, o exército do Conde de Bolonha, futuro Afonso III, na guerra con que derrocou o seu irmán, Sancho II. Con esta nova perspectiva, a cantiga en cuestión, *Suer Fernandiz, si vej'a plazer*, considerada por Lanciani e Tavani como a máis interesante de entre o xénero satírico que denominan de “escárnio pessoal”²⁵, debería ser contemplada, non nesta categoría, senón na das sátiras políticas.

Outra cantiga modélica a respecto da importancia que pode alcanzar na edición dun texto a súa correcta contextualización é o escarnio *Chegou Paio de maas artes* (B 1600 / V 1132) do trobador Pero Meendiz da Fonseca (1275-1294). Rodrigues Lapa entendía que nel se realizaba unha sátira baseada no estrafalaria dunha personaxe descoñecida:

Retrato extremadamente pitoresco dun curioso tipo, que apenas chegado à corte, muito humilde, apareceu logo promovido a commendador da Ordem militar de Uclés. A sua aparente modéstia escondia manhas de raposo, como se vê naquela alusão ao personagem dos contos tradicionais, Paio das más artes²⁶.

En realidade, o profesor Rodrigues Lapa estaba asumindo o que, sobre a mesma cantiga, afirmara Carolina Michaëlis:

Outra cantiga de escarnho dirige-se a um pobretão, que de repente e sem o merecer fôra nomeado commendador de Uclés, trocando o seu cerame grisalho de panno de Chartes contra um rico manto tabardo e a espada de cavalheiro²⁷.

A pesar de que xa na década de 1980 as estudosas Mussons Freixas²⁸ e Ferreira Priegue²⁹ demostraran que a personaxe contra a que fá dirixida esta cantiga de escarnio era o poderoso Mestre da Orde de Santiago, D. Paio Pérez Correa, o historiador António Resende de Oliveira, baseándose no feito de que D. Paio foi Co-

²⁵ Cf. Lanciani, G. / Tavani, G, *A Cantiga de Escarnho e Maldizer*, Lisboa, Colibri, 1998, pp. 132-133.

²⁶ Cf. M. Rodrigues Lapa, *op. cit.*, p. 592.

²⁷ Cf. Vasconcelos, C. Michaëlis de, “Fragmentos etimológicos”, *Revista Lusitana*, Lisboa, 3 (1895), p. 142.

²⁸ Vid. Mussons Freixas, A. M., “El escarnio de Pero Meéndez da Fonseca”, en Carmona, F. / Flores, F. J. (eds.): *La Lengua y la Literatura en tiempos de Alfonso X. Actas*, Murcia, 1985, pp. 393-414.

²⁹ Vid. Ferreira Priegue, E. M., “Chegou Paio de maas artes...”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, 31 (1978-1980), pp. 361-369.

mendador de Alcácer entre 1235-1241 e Comendador de Uclés entre 1241-1242, e que só a partir deste ano foi Mestre, rexeitaba esa identificación afirmando:

A cronología do autor e o facto de Paio Pérez aparecer como comendador somente no segundo quartel do século dificultam, porém, ao contrário do que tem ja sido sugerido, qualquer tentativa de identificación entre ele e o Paio escarnecido na composição³⁰.

O que Resende de Oliveira considerou refutación incuestionábel en realidade entra no xogo da ambigüidade da cantiga de escarnio, porque, efectivamente, non todos os comendadores de Uclés tiñan que ser necesariamente Mestres da Orde, mais, nesta altura do século XIII, Uclés era a Encomenda Maior de Castela, e o cabaleiro que chegaba a ser nomeado Mestre era, ao tempo, Comendador Maior de Castela e, a título honorífico, Comendador de Uclés. Así o explicaba un anónimo recompilador das Regras da Orde: “Es el primer superior de esta Casa [Uclés] el mismo que de toda la orden”³¹. E se a isto lle engadimos que a lenda do carimbo do Mestre rezaba *Sigillum Uclensis Conventus*, e que, como sinalaba Lomax: “[...] el título de “Maestre de Uclés”³² era aplicado ao Mestre da Orde polos cronistas portugueses, coidamos que fica resolvida a identificación do *Comendador d' Ocres* da cantiga co Mestre da Orde.

Chegou Paio de maas artes
con seu cerome de Chartes,
e non leeu el nas partes
que chegassee á ūu mes,
e do lües ao martes
foi comendador d' Ocres.

Semelha-me busnardo
viind' en seu ceramen pardo,
e u non ouvesse reguardo
en nen ūu dos dez e tres;
log' ouve mant' e tabardo
foi comendador d' Ocres.

³⁰ Cfr. Oliveira, A. Resende de, “Pero Mendiz da Fonseca”, en Lanciani, G. / e Tavani, G. (orgs.): *Dicionário..., op. cit.*, p. 549.

³¹ Cf. *Regla de la Orden de la caballería de Santiago. Con notas sobre algunos de sus capítulos, y un apéndice de varios documentos, que conducen para su inteligencia y observancia, y mayor ilustración suya, y de las antigüedades de la Orden*. En Madrid, en la Imprenta de Sancha, Año de 1791, p. 61.

³² Cf. Lomax, D. W., *La Orden de Santiago (1170-1275)*, Madrid, CSIC, 1965, p. 7.

Chegou, per u an Gra[a]da,
descalço, gran madurgada,
u se non catavan nada
d' ūu ome atan rafez;
cobrou manto con espada
e foi comendador d' Ocres.

Alén dessa identificación, o que máis nos interesa en este estudo é a edición e interpretación da terceira cobra, porque garda a chave para fixarmos a data “post quam” da cantiga e confirmar, por se ficaba áinda algúna dúbida, a identificación da personaxe escarnecidida. O verso 13 foi editado por Rodrígues Lapa como *[E] chegou per ūa strada*.

O grande estudoso portugués utilizaba un termo imposíbel, *strada*, mais indicando na nota correspondente que tanto en B como en V o que se lía era *grada*. Dado que o termo *grada* aparece subliniado en B, como é habitual para os nomes propios, e que o topónimo Granada, que só se rexistra en dúas cantigas [Afonso X (B 494 / V 77) e Gomez Barroso (B 1445 / V 1056)] está grafado en ambos os apógrafos como *graada*, non resulta difícil, nin desproporcionado, explicar a forma *grada* como lapso do copista nunha vogal repetida. De aí que nós editemos *Chegou per u an Gra[a]da*.

Con esta lección, Meendiz da Fonseca estaría lembrando outro momento problemático na vida do Mestre portugués que serviría para o identificar e denigrar: a súa participación na revolta dos ricos-homes que, dirixidos polo Infante D. Felipe, en 1272, atraizoaron o seu señor natural, Afonso X, poñéndose ao servizo do Rei de Granada. Fica, como testemuño dessa traizón, unha carta de Afonso X (rei e amigo persoal do Mestre), ao seu fillo o infante D. Fernando de la Cerda, reproducida nas crónicas de Castela e recollida tamén polo cronista da Orde³³:

...bien vos devedes guardar de la maestría del mestre de Uclés, [...] ca este es uno de los omes del mundo que mas consejó á estos ricos omes que ficiesen lo que fazen, [...] é mandele yo que fuese derechamente al reino de Murcia, e non lo quiso facer, e fuese para vós...³⁴

³³ Vid. Rades y Andrada, F. de, *Chrónica de las Tres Ordenes*, Toledo, 1572.

³⁴ Cf. *Crónicas de los Reyes de Castilla*, Madrid, Ed. Gredos, 1953, vol. I, p. 38.

O Infante estaba en Córdoba para negociar cos rebeldes refuxiados en Granada, e aí chegara, polo que se ve desobedecendo as ordes reais recibidas en Castela, o Mestre Correia. Meendiz da Fonseca denunciaba con ese verso que D. Paio non chegara procedente de Castela, senón do reino en que estaban refuxiados os rebeldes. Así, sabermos pola historia que Paio Perez Correia participou na revolta da nobreza, axuda a reconstruír una lectura que de non ser a correcta, cando menos está más próxima á lección dos apógrafos. E de novo, como acontecía coa cantiga de Rodrigu'Eanes Redondo, estamos perante unha sátira política, o que nos pode levar a preguntarmos se non haberá que cuestionar a afirmación de que na lírica galego-portuguesa son escasas este tipo de sátiras.

Non podemos acabar este traballo sen exemplificar as limitacións e carencias dunha edición, e do seu correspondente comentario, cando non se considera a súa contextualización e os datos históricos. Este é o caso da cantiga *Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho* (B 1622 / V 1155-6) de Afonso Soarez Sarraça (ou Sança)³⁵:

*Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela más meninho.*

Non casará con ele nen polos seus dinheiros;
e esto saben donas e saben cavaleiros,
ca dos escarmentados se fazen más ardeiros.

5

*Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela más meninho.*

Non casará con ele po-la cobrir d' alfolas,
nen polos seus dinheiros velhos, que ten nas olas;
o que perdeu nos alhos quer cobrar nas cebolas.

10

*Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela más meninho.*

Non casará con ele por ouro nén por prata,
nen por panos de seda quant' é por escarlata,
ca dona de capelo de todo mal se cata.

15

*Poren Tareija Lopiz non quer Pero Marinho:
pero x' el é mancebo, quer-x' ela más meninho.*

³⁵ Reproducimos pola edición de M. Rodrigues Lapa, *op. cit.*, p. 113.

Esta cantiga resulta curiosa tanto polo problema que abre o nome do autor, como polo uso do refran en posición inicial e mesmo pola indicación de “est’ é o refran” que a interrompe. Videira Lopes comenta:

Divertida sátira a uma dona viúva, provavelmente de um velho rico, que, seguidamente do conhecido ditado “gato escaldado de agua fria tem medo”, recusava um bom partido, preferindo um marido ainda mais jovem e robusto³⁶.

Xa o historiador Antonio Lopez Ferreiro³⁷, a principios do século XX, informara de que a Tereixa da cantiga citada era Tereixa Lopez de Ulloa, viúva de Fernan Paez Varela quen, segundo informa o *Livro de Linhagens do Conde don Pedro* (76A1) “por que lhe chamaram de Capelo foi porque lhe derom em na lide dos Naves de Tolosa ũa porrada em o capelo de ferro que trazia na cabeza, tam grande que lhe meterom o rombo pela cabeza”³⁸. A identificación do Pero Marinho que a pretende é xa más problemática pola cantidade de varóns con ese nome que houbo na súa liñaxe. Resende de Oliveira entende que era Pero Martins Marinho o pretendente rexitado e, sobre esta base, Elça Gonçalves interpreta que Tereixa, viúva dun home dunha xeración anterior á súa, “quer marido <mais meninho> (qualificativo que terá a ver com ingenuidade e não com anos de vida), talvez porque a primeira experiencia matrimonial a deixou *escarmentada*”³⁹. Mais se entendemos, como López Ferreiro, que o Pero Marinho que a pretende en matrimonio é Pero Eanes Marinho, irmán máis novo de Gonçalo Eanes Marinho, xenro de Tereixa Lopez, que asinaba a carta de dote á súa esposa o 1 de marzo de 1243, as lecturas de tan orixinal cantiga poden multiplicarse, xa que Tereixa pasaría a ser cuñada da propia filla, e cabería a posibilidade de que se invertesen os termos de idade do primeiro matrimonio: ela vella e o marido moço.

Esperamos ter (de)mostrado con estos exemplos a tese con que abrímos este traballo de que canto máis profundo sexa o coñecemento que alcancemos na contextualización das cantigas e dos trobadores, máis lograda estará a súa

³⁶ Cf. Lopes, G. Videira, *op. cit.*, p. 117.

³⁷ Cf. López Ferreiro, A., *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, A Coruña, EDI-NOSA, 1994 [Edición facsimilar da de Santiago, Seminario Conciliar, 1898- 1909], vol.V, p. 373.

³⁸ Cf. *Livro... op. cit.*, p. 189.

³⁹ Cf. Gonçalves, E., *Dicionário de Literatura Medieval Galego Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, s.v.

interpretación e, por tanto, máis gozoso será tamén o pracer estético que nos proporcionen, porque se Joan García de Guilhade se serviu dos ordenamentos reais para escarnecer a degradación económica, Rodrigu'Eanes Redondo satirizou con eles a degradación nobiliar, e se co *pan de voda* o cantar da amiga pode adquirir conotacións obscenas, coa *cabeça de can a vituperatio* do amigo fica transformada en *laudatio*. De aí que nos atrevamos a defender como principio xeral para a edición de textos líricos galego-portugueses a necesidade do máximo coñecemento posible da época en todas as súas dimensións: política, social, xurídica, económica, artística, literaria e, mesmo, etnográfica.

Bibliografía citada

- ARIAS FREIXEDO, X. B., *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*, Vigo, Xerais, 2003.
- Artes e Tradições de Viana do Castelo*. Levantamento realizado pelo Centro de Estágio de Educação Visual. Escola Preparatória de Frei Bartolomeu dos Mártires, Lisboa, Direcção-Geral de Divulgação / Ed. Terra Livre, 1983.
- Cortes de los antiguos reinos de León y de Castilla*, publicadas por la Real Academia de la Historia, Madrid, Imprenta y Estereotipia de M. Rivadeneyra, Tomo I, 1861.
- Crónicas de los Reyes de Castilla*, Madrid, Gredos, vol. I, 1953.
- FERREIRA PRIEGUE, E. M., "Chegou Paio de maas artes...", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, 31 (1978-1980), pp. 361-369.
- GODINHO, H., *Prosa medieval portuguesa*. Apresentação crítica, selección, notas e sugestões para análise literária de, Lisboa, Editorial Comunicação, 1986
- LANCIANI, G. / TAVANI, G., *A Cantiga de Escarnho e Maldizer*, Lisboa, Colibri, 1998.
- LANCIANI G. / TAVANI, G. (orgs.): *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 2000, 2^a ed.
- LAPA, M. Rodrigues, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portuguesas*, Vigo, Galaxia, 1970, 2^a edición, revista e acrescentada.
- LOMAX, Derek W., *La Orden de Santiago (1170-1275)*, Madrid, CSIC, 1965.
- Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*. Edição crítica por José MATTOSO, Lisboa, Publicações do II Centenário da Academia das Ciências, 1980.
- LOPES, G. Videira, *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis galego-Portugueses*, Lisboa, Estampa, 2002.
- MACHADO, J. P., *Dicionário Etimológico da Lingua Portuguesa*, Lisboa, Livros Horizonte, 1990, 6^a ed.

MUSSONS FREIXAS, A. M., "El escarnio de Pero Meéndez da Fonseca", en CARMONA, F. / FLORES, J. (eds.): *La Lengua y la Literatura en tiempos de Alfonso X. Actas*, Murcia, 1985, pp. 393-414.

OLIVEIRA, A. Resende de, "Pero Mendiz da Fonseca", en LANCIANI G. / TAVANI, G. (orgs.): *Dicionário da Literatura Galego-Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, p. 549.

OLIVEIRA, A. Resende de, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa, Colibri, 1994.

RADES y ANDRADA, Fr. de, *Crónica de las tres Ordenes de Santiago, Calatrava y Alcántara*, con un estudio sobre La obra histórica de Rades y Andrada, por Derek W. Lomax, Barcelona, El Albir, 1980 [Edición facsimilar da obra orixinal de Rades y Andrada, impresa con licencia en Toledo, en casa de Juan de Ayala, no ano 1572].

Regla de la Orden de la caballería de Santiago. Con notas sobre algunos de sus capítulos, y un apéndice de varios documentos, que conducen para su inteligencia y observancia, y mayor ilustración suya, y de las antigüedades de la Orden. En Madrid, en la Imprenta de Sancha, Año de 1791.

REVILLA, Federico, *Diccionario de iconografía*, Madrid, Cátedra, 1990.

SEMPERE y GUARINOS, J., *Historia del luxo. Y de las leyes suntuarias de España*, 2 vol., Madrid, Ediciones Atlas, 1973 [Edición facsimilar da publicada en Madrid, en la Imprenta Real, en 1788.]

STEGAGNO PICCHIO, L., *A lição do texto. Filologia e Literatura. I. Idade Média*, Lisboa, Edições 70, 1979.

VASCONCELOS, C. Michaëlis de, *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990 [Reimpressão da edición de Halle (1904) acrescentada de um prefácio de Ivo Castro e do glossário das cantigas (*Revista Lusitana*, XXIII)].

VASCONCELOS, C. Michaëlis de, "Fragmentos etimológicos", *Revista Lusitana*, Lisboa, 3 (1895), pp 129-190.

